



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 7 DE AGOSTO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2195/2019.- MANUEL REFOJO DOCE.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a demolición e construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Espírito Santo, 8.

LIC/238/2020.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ CASTRO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación integral de vivenda unifamiliar sita no lugar de Ponte Alvar, 8.

LIC/1629/2018.- BORJA ALDREY BAO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar situada no lugar de Fornas, 25.

LIC/694/2019.- ALEJANDRO NOYA IGLESIAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en lugar de Quintáns de Vilvestro, 8.

LIC/1533/2019.- ISMAEL LOPEZ TARANILLA.- Conceder licenza para reestruturación de vivenda unifamiliar adousada en rúa Varela de Montes, 10.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo; e concesión de licenza para a demolición e construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Espírito Santo, 8. LIC/2195/2019. Autorízase a excepcionalidade e concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo; e concesión de licenza para rehabilitación integral de vivenda unifamiliar sita no lugar de Ponte Alvar, 8. LIC/238/2020. Autorízase a excepcionalidade e concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar situada no lugar de Fornas, 25. LIC/1629/2018. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en lugar de Quintáns de Vilvestro, 8. LIC/694/2019. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para reestruturación de vivenda unifamiliar adousada en rúa Varela de Montes, 10. LIC/1533/2019. Concédese a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Obras en funcións relativa ao inicio de expediente por incumprimento de contrato, con causa de demora acumulada na execución das obras de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" FASE I. Iníciase o expediente, dando audiencia á empresa Obras Gallaecia, SL por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan.

9 a 19.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas a concesións e denegacións de beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no impostos sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre actividades económicas e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbanse as concesións e denegacións.

20.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de bonificacións na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal, e pola realización da rodaxe cinematográfica na cidade. Concédense as bonificacións solicitadas.

21.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores, e recollida domiciliaria de lixo. Concédense as exencións solicitadas.

22.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI), e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2020. Apróbase a resolución da convocatoria, outorgándose as seguintes subvencións, por un total de 25.397,60 €:

- Asociación de Viúvas Rosalía de Castro, 2.500 €.
- Asociación Plataforma Feminista Galega, 2.729,51 €.
- Sindicato Labrego Galego, 3.000 €.
- Hóckey Club Raxoi, 2.895 €
- Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela, 900 €.
- Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), 2.307,54 €.
- Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR) 3.000 €.
- Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural (AGRA), 3.000 €.
- Federación Autismo Galicia, 2.375,55 €.
- Asociación Centinelas, 2.690 €.

23.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á convalidación das actuacións levadas a cabo en canto o outorgamento de axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social. Contrato de emerxencia covid-19. Decreto de 25.3.20. Valídanse facturas por un importe total de 2.494,74 €.

24.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse créditos por importe de:

- 16.764,49 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Mercartabria, SLU.
- 29.935,52 €, por servizo temporal e extraordinario de axuda no fogar para atención urxente pola Covid-19, a favor de varios provedores.
- 19.967,90 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Alcampo, SAU.
- 7.100,68 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Mercartabria, SLU.
- 1.496,85 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Marisol Diéguez Gil.
- 199,92 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Cristina Caamaño Vilar.
- 1.336,29 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Ignacio de las Cuevas, SA.
- 16.155,02 €, por contratos de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos derivados da Covid-19, a favor de Centros Comerciales Carrefour, SA.

25.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación da concesión definitiva de subvencións pola Deputación Provincial da Coruña para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela. Dáse conta da concesión da subvención, por importe de 10.000 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE (ACEM) para 2020. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 9.000 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o CENTRO SOCIOCULTURAL JUAN XXIII para 2020. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 60.000 euros.

28.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a ASOCIACION DE DANO CEREBRAL SARELA para 2020. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 3.000 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 2.000 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO para o programa VAGALUME 2020. Apróbase o devandito convenio, polo que o Concello achega 30.000 euros.

31.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do "servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela". Ábrese o procedemento de adxudicación do devandito servizo e apróbase o gasto correspondente, cun tipo de licitación de 9.245.235,21 euros, por un período total de tres anos (36 meses).